



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE  
**FENE**

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña  
Tif. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es  
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

# **RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **CURSO 2021 – 2022**

**CENTRO: IES DE FENE**

**CURSO: 4º ESOº**

**MATERIA: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E  
EMPRESARIAL**

**DEPARTAMENTO: ECONOMÍA**

## 1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 1: Autonomía persoal, liderado e innovación</b>	
Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	Identifica as calidades persoais, as actitudes propias das persoas con iniciativa emprendedora e o papel dos empresarios/as na xeración de traballo e benestar social.
Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.	Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.
Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	Identifica as institucións que interveñen no funcionamento do mercado de traballo.
Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais.
Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.	Distingue as obrigas que teñen os/as traballadores/as e os/as empresarios/as coa Seguridade Social, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.
Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.	Identifica os tipos de risco laboral e indica os métodos de prevención legalmente establecidos.
<b>Bloque 2: Proxecto de empresa</b>	
Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.	Determina a oportunidade dun proxecto de empresa.
Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contorno específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.).	Identifica as características internas e externas dunha empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contorno específico desta (provedores/as, clientela e competencia)
Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as	Describe as funcións de cada departamento da empresa e a súa estrutura organizativa.

funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.	
Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.	Transmite e recoñece a información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto.
Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.	Elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.
Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.	Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo.
<b>Bloque 3: Finanzas</b>	
Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.	Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.
Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.	Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas.
Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.	Describe os trámites que se deben realizar para crear unha empresa.
Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.	Selecciona a forma xurídica máis axeitada ao proxecto de empresa formulado.
Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.	Analiza os produtos financeiros, valora o custo e o risco de cada un e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.
Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.	Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.
Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao	Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao

## 2. Criterios de cualificación:

### - Docencia presencial:

A nota global de cada avaliación conformarase nun 80% coa nota das probas escritas/orais (exames) efectuadas. O restante 20% corresponderase con: o traballo realizado nas clases (preguntas orais, producións escritas, aptitudes, interese amosado...). A nota no apartado do 80%, será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas escritas/orais, ponderadas, no seu caso, segundo o número de temas que abarcou cada unha.

Redondeo (soamente para o boletín de notas): cando a nota global resultante na avaliación tivera decimais, se aproximará ao número enteiro superior se os decimais fosen superiores a medio punto, e ao número enteiro inferior se fosen de medio punto ou non o excederan. A única excepción será cando esta nota global esté entre 4 e 5 puntos: aquí, redondearase ao 4, posto que o alumno non acada o 5 mínimo para aprobar.

Será necesario acadar unha nota dun mínimo de 5 puntos, sobre 10, en cada avaliación para aprobala. No caso de que o alumno non acade un 5 no computo global da súa nota, terá que facer a recuperación, ao finalizar o trimestre, de toda a materia impartida na avaliación.

Se o alumno acada un 5, ou nota superior, na recuperación, terá a avaliación aprobada; se non acada o 5, estará suspensa. A primeira e a segunda avaliación terán a súa oportunidade de recuperación na seguinte avaliación. A terceira avaliación terá a súa oportunidade de recuperación na avaliación final.

O alumno deberá ter superadas cun 5, ou nota superior, as tres avaliacións para aprobar o curso. De non terse superado algunha avaliación, o alumno deberá acudir a avaliación final para recuperala. Quen tivera dúas ou tres avaliacións non superadas deberá realizar unha proba referida ao contido global da asignatura.

Solo se calculará a nota media final do curso coas notas obtidas nas tres avaliacións, por separado, se estas notas aparecen todas cun 5, ou nota superior, no boletín de notas. Esta nota media final do curso calcularase facendo a media aritmética das tres notas globais, sen redondeos, de cada avaliación e será sempre dun 5 ou superior.

Na avaliación final, farase un exame por cada unha das avaliacións que o alumno teña pendentes de superar. Será preciso obter unha nota dun mínimo de 5 puntos sobre 10 en

cada unha das avaliacións das que o alumnado se esté a examinar. Se non se chegase a esta nota en cada unha, a materia quedaría suspensa. Poderá ser requisito imprescindible para aprobar a presentación de determinadas actividades (escritas ou en soporte informático) non realizadas ao longo do curso, cuestión que lle será indicado ao alumnado afectado con antelación.

#### **- Docencia semipresencial:**

Seguiranse cos contidos previstos na programación didáctica de departamento.

A parte teórica e expositiva dos contidos faranse presencialmente e a parte máis práctica, telemáticamente.

O traballo telemático consistirá en exercicios (prácticos ou teóricos), que se resolverán nas propias conexións telemáticas, e resolución de dúbidas. Realizarase mediante videoconferencia (con programa Webex, preferentemente, ou similar) e, de ser o caso, mediante correo electrónico.

O alumnado poderá consultar o avanzado nas clases a través da aula virtual do centro.

Os exames faranse presencialmente sempre que sexa posible. No caso de que o alumnado non poida acudir ao centro para realizar os exames, estes faranse mediante videoconferencia, debéndose usar a videocámara en todo momento, utilizando Webex ou programa de videoconferencia similar. De non ser posible este uso da videocámara, o exame farase por calquera medio que permita a visualización e escoita do alumnado: videochamada de WhatsApp, etc.

Se o día pactado de exame, a conexión da videocámara non fose posible, o exame realizarase noutro día/hora que determinará o profesor, ata ser posible a conexión con visualización do alumnado. De ser imposible esta conexión dentro da avaliación correspondente, o alumnado que non puidera ser así avaliado, levará un “non presentado” na avaliación e faráselle o exame na seguinte avaliación (presencial, sempre que sexa posible).

Este exames con videocámara poderán ser orais (preferentemente) ou escritos, seguindo as indicacións que dará o profesor sobre a realización dos mesmos. Poderanse acordar co alumnado sesións telemáticas ou vía telefónica, previas aos exames, para explicarlle as normas que rexeran neste exames con videocámara.

Os criterios de cualificación e avaliación serán os mesmos que na docencia presencial, a non ser que haxa novas instrucións por parte da Consellería de Educación.

**- Docencia telemática:**

Seguiranse cos contidos previstos na programación didáctica de departamento.

Para seguir coas clases, seguiranse as instrucións que a Dirección do centro remita ao docente. Preferentemente, empregarase a videoconferencia, a aula virtual e o correo electrónico para axudar ao alumnado a seguir coa aprendizaxe.

Para avaliar o alumnado, se é posible, faránse as probas de modo presencial. De non ser posible, os exames telemáticos faranse según o procedemento descrito no apartado de “Docencia semipresencial”.

Os criterios de cualificación e avaliación serán os mesmos que na docencia presencial, a non ser que haxan novas instrucións por parte da Consellería de Educación.